

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP JUAN REY (LOURENZÁ)

CURSO: 6º

MATERIA: LINGUAS

DEPARTAMENTO:

DATA: 8/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR</b>	
B1.1. Comprender textos orais diversos, procedentes da radio, da televisión ou da internet, interpretando as intencións explícitas así como as intencións, opinións e valores non explícitos	LGB1.1.1. Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral, procedente da radio, da televisión ou de internet, identificando o tema e elaborando un resumo.
B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe	LGB1.2.2. Usa documentos audiovisuais como medio para obter, identificar, clasificar, comparar e relacionar informacións.
B1.4. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico	LGB1.4.3. Fai pequenas exposicións na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.
B1.6. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	LGB1.6.4. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.
B1.8. Elaborar textos propios dos medios de comunicación.	LGB1.8.1. Elabora textos propios dos medios de comunicación.
<b>BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER</b>	
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dobres sentidos.	LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís,	LGB2.1.4. Interpreta metáforas, personificacións, hipérboles, ironías e dobres sentidos en textos.

libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dúbidos sentidos.	
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dúbidos sentidos.	LGB2.1.8. Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento
B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto, e esquematizar e resumindo seu contido.	LGB2.3.2. Esquematiza as ideas dun texto, indicando as ideas principais e secundarias.
B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto, e esquematizar e resumindo seu contido.	LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto.
B2.8. se concentra en entender e interpretar el significado de los textos leídos.	LCB2.8.3. Infere, interpreta e formula hipótese sobre o contido. Sabe relacionar os elementos lingüísticos cos non lingüísticos nos diferentes tipos de textos.
B2.7. Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía (dramatizando cando é preciso) con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta (ler para que alguén goce escoitando, ler para dar a coñecer un texto descoñecido, ler para compartir información que se acaba de localizar) facendo participar a audiencia da súa interpretación.	LGB2.7.2. Le textos en voz alta con fluidez e precisión.
B2.12. Analizar textos escritos en diferentes variedades da lingua galega.	LGB2.12.1. Percibe as diferenzas lingüísticas presentes nas variedades da lingua galega.
<b>BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR</b>	
B3.1. Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesionando os enunciados

B3.1. Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.4. Aplica a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa unha linguaxe non sexista.
B3.2. Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación	LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, programas...
B3.4. Elaborar textos breves con creatividade.	LGB3.4.2. Escribe textos breves de carácter creativo con certa riqueza léxica
<b>BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA</b>	
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección.
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.2. Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos.
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.5. Identifica as oracións simples, recoñecendo o verbo e os seus complementos: o suxeito; utiliza correctamente a concordancia de xénero e número e recoñece os complementos do nome.
B4.5. Identificar o papel semántico do suxeito e transformar oracións activas en pasivas, e viceversa, para mellorar a comprensión e a produción de textos.	LGB4.5.2. Transforma oracións activas en pasiva, e viceversa
B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.	LGB4.3.1. Emprega con correccións os signos de puntuación.

B4.7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.

LGB4.7.3. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas, arcaísmos, neoloxismos, estranxeirismos, frases

### **BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA**

B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de goce persoal

LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua

	<b>2. Avaliación e cualificación</b>
<b>Avaliación</b>	Procedementos: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Traballo diario do alumno</li> <li>✓ Control de entrega das tarefas no tempo marcado</li> <li>✓ videoconferencias individuais con el alumno</li> </ul>
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ A avaliación será continua e baseada na corrección e control das tarefas realizadas.</li> <li>✓ Videoconferencias e videochamadas</li> <li>✓ Audios a través de wasap</li> <li>✓ Videotutoriais</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	A cualificación final será a media da 1ª e a 2ª avaliación e valoraranse os progresos realizados na 3ª avaliación, tendo en conta as actuais circunstancias
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	NON PROCEDE
<b>Alumnado de materia pendente</b>	Criterios de avaliación: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Presentación de traballos e tarefas</li> <li>✓ Implicación no proceso de ensinanza/aprendizaxe</li> </ul>
	Criterios de cualificación: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Teranse en conta as notas acadadas ao longo do curso e a valoración final do seu traballo</li> </ul>
	Procedementos e instrumentos de avaliación: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ A avaliación será continua e baseada na corrección e control das tarefas realizadas.</li> <li>✓ Videoconferencias e videochamadas</li> <li>✓ Audios a través de wasap</li> <li>✓ Videotutoriais</li> </ul>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Libro</li> <li>✓ pdf de reforzo e ampliación</li> <li>✓ fichas de repaso dos diferentes contidos</li> <li>✓ Videotutoriais</li> <li>✓ Audios</li> <li>✓ videochamadas</li> <li>✓ Propostas de diferentes tipos de traballo e porterior presentación ( grabacións de video, audio, fotos,...)</li> </ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>A metodoloxía utilizada durante esta avaliación foi realizada mediante os medios informáticos dos que dispoñían as familias. Usamos, fundamentalmente, para comunicarnos, o wasap, xa que valoramos que era o medio do que máis dispoñían as familias e era o medio máis cercano e directo para solventar calquera tipo de dúbida de xeito inmediato. Houbo algún caso no que tivemos que utilizar material impreso para algún alumno, facendolo chegar a través do correo ordinario. Ao alumnado que presentaba máis dificultades ao longo do curso, reforzárónselle as diferentes aprendizaxes, a través de pdf e audios explicativos.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Wasap</li> <li>✓ Videos tutoriais de Youtube</li> <li>✓ Gravación de audios a través de wasap</li> <li>✓ Correos electrónicos</li> <li>✓ Gravacións de video</li> </ul>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Wasap</li> <li>✓ Correo electrónico</li> </ul>
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.



